

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2022/6	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	5 de maio de 2022
Duración	Desde as 20:45 ata as 23:16 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	José Carlos López Campos
Secretaria	María Jesusa Fernández Bascuas

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ



	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	M ^{re} DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 7 DE ABRIL DE 2022.

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 7 de abril de 2022, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

EXPEDIENTE 1201/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO EN RELACIÓN Á MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL MIXTO (BNG) POLA QUE PROPÓN A POSTA EN MARCHA DUN PROXECTO DE CALEFACCIÓN URBANA.

Desfavorable **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 9
En contra: 12
Abstencións: 0
Ausentes: 0

Por tratarse dunha moción presentada polo Grupo Mixto (BNG) con data 14/03/2021 (registro de entrada 2021-E-RCIU-1) e debatida na Comisión Informativa de Urbanismo de 28/04/2022, concédeselle a palabra á súa voceira, **Dna. Susana Camba Castro**, quen da conta desta moción e que se transcribe literalmente de seguido:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI), fai referencia



a un plan de desenvolvemento que supoña unha mellora a longo prazo das condicións sociais, económicas e ambientais dunha zona. En definitiva, unha estratexia integrada que combata a un tempo pobreza, desigualdade e cambio climático. De feito, a loita contra a mudanza climática debe ser unha prioridade no deseño destas estratexias, xa que dito cambio trae consigo aínda máis pobreza e desigualdade da que xa que padecemos actualmente.

Para tentar paliar os efectos máis duros do cambio climático cómpre, no mínimo, respectar os obxectivos convidados no acordo de París e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI), de xeito substancial. Un dos principais sectores en emisión de GEI é o relativo á produción de enerxía e calor, que representan arredor do 25% das emisións totais dos gases de efecto invernadoiro emitidos. É por iso que cambios nas técnicas ou no modelo desta produción poden levar a unha redución considerable das emisións de GEI, ao incidir nunha das grandes áreas de emisión.

O sistema de rede de distribución de calor, ou calefacción urbana, consistente na xeración de enerxía térmica de xeito centralizado, en vez de mediante múltiples puntos de xeración individuais, é un sistema que parece cada vez máis atractivo para conseguir unha meirande eficiencia enerxética.

Este sistema non é en absoluto novidoso, posto que o seu uso está probado dende hai máis dun século, nin tampouco é específico dun lugar, xa que existen numerosos exemplos ao longo de países tan diversos como os Estados Unidos, Rusia, China, Alemaña, Francia, Dinamarca ou Suecia, entre outros.

Diversos estudos que analizan moitos dos sistemas de calefacción urbana instalados ao longo do mundo, sinalan que este sistema de xeración distribución da calor, co aumento da eficiencia enerxética obtida, reduce as emisións de GEI, os custos de mantemento e o prezo da enerxía, supoñendo tamén un aforro para os usuarios. Deste xeito, non só estaríamos ante un sistema que contribúa a paliar o cambio climático senón tamén a pobreza enerxética que golpea a non poucos veciños e veciñas.

Ademais, os sistemas modernos de produción de calor que se empregan na calefacción urbana, teñen como principal base de produción a biomasa forestal e existen incluso sistemas capaces de combinar esta con enerxía eólica. Deste xeito, e deixando o combustíbel convencional soamente para ocasións en que hai puntas de demanda, non só se consegue unha xeración de calor baseada nun recurso sustentábel senón que ademais o vento e a biomasa forestal son dous recursos nos que A Estrada é unha potencia, e pode dar un novo pulo a este sector.

Deste xeito o noso concello pode explotar de xeito máis produtivo e diverso os seus montes, abrir vías para novas empresas que transformen e xestionen a biomasa e mesmo os residuos madeiros derivados da nosa industria do móbel para a creación de combustíbel, reducindo os desperdicios e incentivando así a nosa economía local.

A pesar de non ser un sistema novedoso no mundo, si que é certo que a súa implantación no Estado Español é case anecdótica, sobre todo comparada con outros países da nosa contorna.

Porén, isto parece que está comezando a cambiar, e numerosos proxectos de calefacción urbana estanse a poñer en funcionamento en diferentes lugares, tanto urbanos (coma no barrio de Txomin, en Donosti), coma rurais (en Erroteigi, Portell de Morella e Todolella, xa en funcionamento, ou en Mual, Cangas de Narcea, proxectado o pasado ano polo Comisionado para o Reto Demográfico), A implantación deste sistema está reportando



reducións na factura dos veciños e veciñas de entre un 15% e un 40 %, e unha redución dos GEI que pode chegar ata ao 80%. Mesmo hai concellos que empregan este sistema para a xeración da electricidade necesaria para o alumado público e para un punto de recarga de vehículos.

A incorporación deste sistema en diversos puntos do noso concello podería ser unha estratexia de desenvolvemento sustentábel con múltiples beneficios e que se enmarca dentro dunha grande cantidade de obxectivos temáticos dunha estratexia EDUSI (OT1, OT3, OT4, OT5, OT6 e OT9),

Por todo isto, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da corporación os seguintes ACORDOS:

- Levar a cabo un estudo sobre a viabilidade dun proxecto de calefacción urbana en diversos lugares do concello, tanto do casco urbano, como de diversas parroquias.*
- No caso dun informe favorable, acometer as medidas precisas para a posta en marcha deste proxecto e estudar a posibilidade de xeración eléctrica complementaria.*
- Colaborar con diversas sofores para a ordenación de montes precisos para a produción sustentábel da biomasa necesaria.*
- Crear unha planta local de xestión da biomasa que trate a biomasa local e colabore con empresas que empreguen madeira como materia prima para a utilización valorizadora dos residuos”*

A Sra. Camba Castro, lamenta que se tardara un ano en tratar a súa moción, polo que perde o sentido que tiña cando se presentou.

Toma a palabra o Concelleiro delegado de Urbanismo, **D. Gonzalo Louzao Dono**, para, en primeiro lugar, pedir desculpas pola tardanza en someter a Pleno esta moción e que derivou dun erro interno.

En canto ao asunto que se está a tratar, estamos a falar dun servizo moi complexo e, debido a que a estratexia EDUSI está moi avanzada e, ademais, de que cando se someteu a participación pública para recoller propostas esta non estaba incluída e, polo tanto, non se contemplou; sen embargo, veñen novos fondos europeos e novas convocatorias e, se na participación pública xurde a posibilidade de aplicar este sistema de calefacción urbana, tanto no casco urbano ou no rural, entón se estudará o telo en conta. Pero, neste momento, non se pode apoiar esta moción xa que, a curto prazo, no sería viable por cuestión de prioridades e polos proxectos nos que se centra actualmente a EDUSI.

Intervén o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, manifestando, en primeiro lugar, a súa preocupación ante a negligencia do grupo do Partido Popular á hora de xestionar as mocións que se presentan polos demais grupos da oposición, porque esta moción que estamos a tratar presentouse fai un ano e non lle valen as desculpas dadas polo Sr. Louzao Dono; ademais, se isto pasa coas mocións que pasará tamén cos escritos presentados polos nosos veciños e veciñas, sendo preocupante que o actual grupo de goberno non sexa capaz de xestionar o volume de documentación que entra no Concello. Así mesmo quere lembrar que todos os grupos políticos municipais representan á totalidade da nosa veciñanza, e parece que o grupo de goberno se está a rir dos votantes do BNG, provocando que a calidade democrática sexa peor.

En canto á moción, a tratala un ano despois perde o sentido que tiña nese momento, aínda así para o grupo socialista si ten sentido e, polo tanto, vai votar a favor da súa aprobación, de feito o



seu grupo tamén ía a presentar unha sobre este tema e centrándose no sistema instalado no Concello de Silleda e que supuxo un aforro importante de calefacción nas súas instalacións; así que se un concello máis pequeno que o noso acadou un aforro de 90.000,00 € a ano, entón ¿que sería capaz o noso concello implantando este sistema de calefacción?. Sen embargo, considera que os fondos EDUSI non son os máis apropiados para o financiamento dun proxecto destas características, por dúas razóns, a primeira porque, no seu momento, o grupo socialista pediu que parte dos fondos EDUSI foran destinados ás nosas parroquias e, polo tanto, poderían haberse destinado a temas relacionados con este proxecto; a segunda razón é que este proxecto podería ser financiado pola INEGA ou ben polo IDAE.

Finaliza dicindo que considera que o grupo de goberno erra ao non apoiar esta moción porque, ao fin e ao cabo, non se fixa ningún prazo para levar este proxecto e, polo tanto, o dito polo Sr. Louzao Dono non é coherente, porque afirma que están de acordo co proxecto ao que se refire a moción pero que non se queren comprometer a longo prazo, así que deberían apoiala e participar na redución das emisións e converter a este Concello en socialmente responsable e preocupado polo medio ambiente.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, trasladando o voto a favor desta moción por parte do seu grupo político, ao estar a favor de defender unha redución do impacto ambiental e de loitar contra a pobreza enerxética, obxectivos que son a esencia da moción a tratar; sen embargo, para que a veciñanza da Estrada se poida beneficiar deste proxecto de rede de calefacción urbana supón o contar cun importante financiamento, sendo importante saber cantos cartos serían necesarios para levalo a cabo, sendo este o punto de partida para empezar a elaborar un estudo de viabilidade.

Remata transmitindo que é unha mágoa que, polo menos nesta sesión, non se aprobe o compromiso de estudar o aproveitamento da bio-masa, débeda pendente no noso concello e que axudaría a loitar contra o impacto medio ambiental e contra a pobreza enerxética, ademais de acadar unha maior rendibilidade da nosa masa forestal, uníndose ao manifestado polo voceiro do grupo socialista na súa intervención.

Pide a palabra a **Sra. Camba Castro** para aclarar que no primeiro punto da proposta da moción pídese a elaboración dun estudo de viabilidade, pensando que ía aprobarse por unanimidade, ao mellor con algunhas puntualizacións, intentándose levar a cabo o proxecto, xa que estamos ante unha moción construtiva e positiva para a nosa veciñanza, tanto a nivel particular como a nivel económico, e cunha repercusión favorable para o Concello, sobre todo neste momentos de despoboamento do noso municipio, xa que suporía un punto a favor á hora de atraer xente. Di que pode entender que o modelo de financiamento proposto non é o axeitado e tampouco viable nestes momentos, pero hai outros modelos para acadalo.

Ademais, se o grupo de goberno está de acordo con este proxecto, tal e como manifestou o Sr. Louzao Dono, podería acadarse un compromiso de, tan pronto saia unha liña de financiamento axeitada, facer un estudo para saber se compensa levar adiante este proxecto. Polo manifestado, di que un voto negativo do grupo de goberno sería un erro.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para dicir que este grupo de goberno pode ser criticado por moitas cousas, pero está demostrando que ten unha estratexia clara e definida, non sendo acertado ir improvisando proxectos con compromisos que non non se poden asumir, xa que é bastante obvio que unha moción deste calado podería ser votada a favor e quedar sen ningún tipo de aplicación



real ata que se deseñen as novas estratexias dos fondos europeos. Aclara, así mesmo, que na estratexia que se está a levar a cabo tivo un inicio caracterizado pola participación cidadán mediante a celebración de varias mesas de traballo que analizaron as propostas presentadas de cara a ese desenvolvemento urbano, dentro das cales non se atopaba ningunha que fixera referencia ao obxecto da moción que estamos a tratar, polo tanto sería imposible encaixala dentro da estratexia EDUSI actual. Ante o dito, esta proposta non é executable a día de hoxe, aínda que si pode ser planificada, pero este Concello está a facer un gran esforzo a nivel de xestión e orzamentario noutras liñas que buscan esa redución do impacto da pegada de carbono e de loita contra o derivado polo cambio climático, o que contradí o manifestado polo voceiro socialista sobre que este grupo de goberno non fai nada ao respecto, exemplo disto é a bonificación do IVTM para os vehículos eléctricos e híbridos, a mellora da mobilidade urbana, o cambio do sistema de iluminación pública, etc., proxectos cofinanciados coa Unión Europea e que obriga a este Concello a contar con fondos propios para vindeiros proxectos e que obriga á contratación desa operación de crédito e que se celebrou sen o apoio da oposición, o que deixa ver a preocupación desta con estes proxectos futuros que van na liña da loita polo medio ambiente e que, na súa tramitación, abrírase novos prazos para a participación cidadán na presentación de novas propostas e que, ao mellor, ese proxecto de calefacción urbana estea na axenda, e no caso de estar, se estudará e valorará a súa viabilidade; ante iso empra a os grupos da oposición a traballar nese proxecto e tamén a ser máis coherentes, e non como ata de agora se comportaron votando en contra doutros proxectos.

Intervén novamente a **Sra. Camba Castro** para trasladar a súa preocupación pola deriva que leva este Concello...

O **Sr. Alcalde** interrompe dirixíndose á Sra. Camba Castro de que xa tivo quenda de réplica e que non lle outorgou novamente a palabra, polo que lle pide que non intente iniciar un debate sobre este tema cando xa está suficientemente argumentado.

Procédese á votación da moción debatida, sendo esta rexeitada polos votos a favor dos grupos municipais Mixto (BNG), Partido Socialista e MOVETE, e en contra do grupo do Partido Popular.

EXPEDIENTE 2166/2022. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO EN RELACIÓN Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA POLA QUE PROPÓN UNHA PLANIFICACIÓN SOBRE O EDIFICIO DO CENTRO DE SAÚDE SITO NA AVDA. DE SANTIAGO.

Desfavorable	Tipo de votación: Ordinaria A favor: 9 En contra: 12 Abstencións: 0 Ausentes: 0
---------------------	--

Concédese a palabra ao voceiro do grupo socialista, **D. Luís López Bueno**, para presentar a moción do seu grupo presentada con data 20/04/2021 (rexistro de entrada 2022-E-RCIU-1) e debatida na Comisión Informativa de Urbanismo de 28/04/2022, e que se transcribe literalmente de seguido:



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O antigo Centro de Saúde da Estrada sito na Avenida de Santiago perdeu a función para a que a Xunta de Galicia tiña adscrito o edificio. As instalacións quedaron baleiras o pasado xaneiro de 2021 e vai máis de un ano sen que o Goberno Municipal fora capaz de avanzar no ingreso do edificio no patrimonio municipal.

A Xunta de Galicia cumpriu pasado o ano dende o traslado, xa renunciou ao edificio e este obra agora en poder da Administración Xeral do Estado. Mentres a Xunta renunciou, o Goberno Municipal non foi capaz de facer ningunha previsión sobre o procedemento para recuperar o edificio, os usos que se lle poderían dar nin sobre o financiamento necesario para a reforma que precisará.

A situación do inmovible xa era deficiente cando se produciu o traslado do servizo ás novas instalacións. Esta é unha cuestión que lle debería constar ao Goberno Municipal, que foi advertido en numerosas ocasións sobre o deterioro das instalacións. Co paso do tempo, a situación do edificio só empeora, presentando problemas de humidades, filtracións, etc. sen que o PP sexa capaz de poñerlles remedio.

As deficiencias nas tarefas de conservación do edificio ameazan con estenderse á estrutura do edificio. Mentres a actitude pasiva do PP continúe, esa ameaza unicamente aumentará. Se finalmente se ve afectada a estrutura do edificio, a reforma que precisan as instalacións para poñelas ao servizo dos veciños e veciñas será inasumible para o Concello da Estrada e todos perderemos unha oportunidade única.

Ademais, os veciños e veciñas alertan sobre actividade no interior e arredores do edificio. O departamento de Benestar Social debería recoller información para confirmar se efectivamente existen inquilinos facendo vida no edificio e no seu caso, poñer á súa disposición as ferramentas de emerxencia social. Igualmente se debería reforzar a vixilancia das instalacións, xa que se está convertendo nun punto de encontro para mozos e mozas durante a madrugada.

Polo exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que se adopten os seguintes ACORDOS:

- Aclarar a situación xurídica dos terreos sobre os que se construíu o Centro de Saúde así como do propio edificio, e a posibilidade de solicitarlle á Administración Xeral do Estado a reversión do edificio.*
- Solicitalle á Administración Xeral do Estado o acceso ao edificio para elaborar un informe sobre as actuacións de conservación urxentes que precisa o edificio.*
- Redacción dun proxecto para converter o edificio nun Centro Integral de Atención Social que agrupe os Servizos Sociais do Concello nun mesmo edificio, co obxectivo de mellorar a calidade asistencial e permitir a ampliación de prazas.*
- Reforzo da vixilancia no entorno do vello centro de saúde.”*

Toma a palabra o Concelleiro delegado de Urbanismo, **D. Gonzalo Louzao Dono**, para dicir que este grupo de goberno, unha vez o antigo centro de saúde deixou a súa actividade, presentou con data 10/03/2022 unha reclamación á Tesourería da Seguridade Social da devolución dos terreos onde se ubica a edificación e que foron cedidos no seu día para a súa construción e que, a día de hoxe, o edificio non ten xa competencias sanitarias. Actualmente se está esperando contestación da TSS (delegación provincial de Vigo) ao respecto, tendo este organismo un prazo para contestar de tres meses, e, neste momento, non se sabe nada; en caso de que non contesten en prazo, o grupo de goberno instará novamente a reversión, así como que se fagan



cargo da execución urxente dos traballos de conservación da edificación; e, por último, elaborar un proxecto sen saber como vai a ser o acordo ao que se chegue coa TSS e sen aclarar a situación xurídica é moi aventureiro e unha loucura. Polo tanto, unha vez aclarados todos eses puntos, se iniciará o procedemento correspondente e se debaterá na Comisión Informativa os futuros usos, redacción de proxectos, etc.

Di que está de acordo en que a vixilancia é necesaria, de feito a Policía Local ten constancia da existencia de problemas no entorno da antigo Centro de Saúde, aínda así se lle instará para que incrementen a vixilancia, así como aos corpos de seguridade do Estado.

Intervén a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, quen traslada o voto a favor do seu grupo para a aprobación da moción que se está a tratar ao considerar que o Concello ten que se propietario desa infraestrutura, non podéndose consentir que estea en estado de abandono, sobre todo polo impacto visual que causa na nosa vila. Polo dito, considera que o Concello ten que dar pasos firmes de cara a aclarar a situación xurídica desa infraestrutura.

Así mesmo, lembra que na previa Comisión Informativa se falou de parar esta moción, por un lado a reclamación da infraestrutura para o Concello e, por outro, o uso que lle vamos a dar, porque, neste último caso, é necesario un debate máis profundo, porque a proposta do grupo socialista ten certo encaixe, pero o seu grupo tamén ten outra proposta, así como o BNG, sen esquecer que hai que ter en conta o que opina a nosa veciñanza. Continúa dicindo que o seu grupo considera como un posible uso a creación dun gran espazo interxeracional, intercultural, para reunións das asociación existentes no noso municipio ou para servizos tales como atención temperá ou banco de alimentos; en todo caso, é necesario debater entre todos os grupos políticos municipais e tendo en conta a opinión veciñal. En atención ao dito, pensa que a moción presentada polo grupo socialista, debería ter separada en dos puntos, sendo máis atinada que se referira tan só á reversión do Centro de Saúde, aínda que se presentara outra en relación ao seu uso.

Finaliza manifestando que o seu grupo votará a favor da moción, aclarando que o prioritario é aclarar a situación xurídica desa infraestrutura, que o Concello sexa o seu titular e, a continuación, buscarlle un uso adecuado.

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para trasladar a súa conformidade coa moción a tratar, sinalando que o seu grupo decantouse sempre para que o antigo Centro de Saúde se destinase a Centro de Día, o que suporía un beneficio tanto económico como medio ambiental.

Di que, aínda que hai que esperar á reversión, un goberno municipal ten que ter claros os obxectivos que quere acadar, sobre todo tendo en conta que este concello ten a necesidade de contar cun Centro de Día que dea servizo a ese sector da poboación que, neste momento, necesita de toda a nosa atención.

Intervén novamente o **Sr. López Bueno**, quen agradece o apoio dos grupos de MOVETE e Mixto (BNG), considerando que o grupo de goberno (PP) se equivoca votando en contra desta moción e, polo tanto, dos intereses dos nosos veciños e veciñas.

Continúa dicindo que non ve claro que a reversión sexa posible porque no inventario de Patrimonio Nacional e no Rexistro da Propiedade o edificio do antigo Centro de Saúde figura como propiedade da administración xeral do Estado, así que haberá que agardar pola resposta; sen embargo, espera equivocarse porque suporá que as veciñas e veciños deste concello



desfrutarán gratuitamente dunha instalación no seu beneficio, polo que ofrece a súa disposición para tal fin.

Non entende como o grupo de goberno vota en contra desta moción cando estamos ante un compromiso político, porque non se está pedir un proxecto inmediato, senón tan só un compromiso político para que nun futuro os técnicos valoren como organizar esas posibles instalacións para elaborar ese proxecto e cando proceda.

Tamén quere advertirlle ao Concelleiro delegado de Urbanismo que o termo “loucura” non é o máis atinado para referirse ás mocións dos grupos da oposición, porque son proposta que parten das necesidades dos veciños e veciñas deste concello. Así mesmo advirte ao Sr. Alcalde que, en cumprimento das súas obrigas como Presidente deste órgano, peche o debate cando considere, pero cinguíndose aos puntos da moción e non abra debates novos.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para aclarar determinados aspectos que deixen claro cal é o escenario onde nos movemos. En primeiro lugar, non comprende que parte deste proceso non entenderon os grupos da oposición e cal é o debate neste asunto, o único que entende e que queren enganarse a un tren que se saíu fai tempo; así que volve a explicar que a solicitude formal da reversión do antigo Centro de Saúde xa está feita dende o 09/03/2022, seguindo a tramitación sinalada pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, xuntando toda a documentación requirida; polo tanto se está a debater unha moción que vai con dous meses de atraso.

Procede a continuación a detallar los pasos dados neste procedemento:

No mes de novembro do ano 2020 se traslada o Centro de Saúde, quedando liberados os terreos de uso sanitario do antigo Centro de Saúde, sen esquecer que nesas instalacións seguen estando as oficinas do INSS, cousa que non se tivo en conta en ningunha das anteriores intervencións.

Unha vez feito dito traslado, no mes de decembro de 2020 persoalmente ponse en contacto co Ministerio para comunicar o estado actual do edificio, o cal lle traslada que, por criterio da Facenda pública, non existe unha reversión gratuíta senón que habería que establecer un prezo; polo que é falso o que dixo o voceiro socialista sobre que non se fixo nada dende o grupo de goberno para obter a reversión dos terreos e que non ten expectativas de que se tramite dita reversión, tamén dixo dito voceiro que no rexistro da propiedade eses terreos están a nome da Seguridade Social, a iso contesta que é normal, porque no seu día se lle fixo unha cesión para a construción do centro de saúde; pero o que é importante e que existe unha vontade de colaboración e de entendemento entre administracións.

No ano 2021 mantívose reunións coa Consellería de Sanidade e co Ministerio, non habendo, como dixo antes, a posibilidade de cesión gratuíta, ademais de que ata que a Xunta anule a cesión de uso sanitario non se pode solicitar a reversión, e hai que ter en conta que tan só pasaron cinco meses dende que cesou a actividade do antigo centro de saúde.

Todo isto foi explicado varias veces, pero o grupo socialista parece que non o quere entender, así que lle reitera que o traballo está feito, xa se documentou a titularidade dos terreos, grazas ao traballo da Sra. Secretaria.

Continúa informando que se se vai a unha negociación aberta co Ministerio non haberá cesión gratuíta, se intentamos apoiarnos nesa cesión gratuíta que fixo o Concello no ano 1973 ao mellor podemos ter algún argumento xurídico, a partir de aí seguimos loitando por esa reversión.

En canto á petición de que, mentres non se soluciona a reversión, arranxemos nós os danos do antigo Centro de Saúde, lembra que estamos falando dunha edificación de titularidade do



Ministerio, sendo este o responsable de facer eses traballos de reparación.

Ante o anterior, non entende o por que o grupo socialista ven aquí a enredar algo que sabe moi ben que se está a tramitar, polo tanto e loxicamente o voto vai a ser en contra, porque, como explicou, o que pide se está a facer, o que deixa constancia de que dito grupo vai con moito atraso e presentando mocións sen sentido.

No que respecta ao tema do uso, di que este grupo de goberno está moi sensibilizado cos temas de servizos sociais, de feito preocupouse pola instalacións e posta e marcha dun Centro de Día e dun servizo de Atención Temperá e que están funcionando moi ben. Centrándose nas peticións de estudar o uso que se pode destinar a esa infraestrutura, di que hai que ter en conta que antes diso hai que acadar a reversión dos terreos, reformar o edificio e fixar un plan de mantemento do mesmo, o que obriga a unha boa xestión e contar co diñeiro para elo, esperando poder incorporalo a algún proxecto con cargo a Fondos Europeos, pero antes hai que traballalo e perfilalo entre todos; pero mentres que o Ministerio non conteste non podemos facer nada, dubidando que chegue a contestación para optar, dentro de prazo, a eses Fondos Europeos, pero se buscará outras formas de financiamento, mentres tanto se seguirá negociando e loitando para acadar a reversión, aínda que non se conte co apoio do grupo socialista e, se o seu voceiro é tan dilixente, podería buscar unha solución para que o Ministerio conteste e non se demore tanto, ao fin e ao cabo son do mesmo partido político.

Intervén novamente o **Sr. López Bueno** para aclarar que se está a pedir un compromiso sobre os usos e que, no seu momento, sexa elaborado un proxecto. En canto á reversión, di que se se trata dun procedemento regrado e que cando veña a resposta esta terá argumentos xurídicos, desexando que a reversión sexa gratuíta. Así mesmo aclara que non se lle facilitou copia da solicitude, senón dos acordos de cesión dos terreos e da súa compra. Por outra banda, o Sr. Alcalde intenta facer ver que o grupo socialista presentou unha moción cun obxectivo político e, polo contrario, é co obxectivo de beneficiar os intereses da nosa veciñanza.

Por outra banda, quere deixar constancia de que foi o grupo socialista o que primeiro falou do servizo de Atención Temperá, cando a Concelleira delegada de Benestar Social non tiña nin idea de que existía e para que servía dito servizo.

Por último, di que con esta moción tan só se pedía un compromiso político.

O **Sr. Alcalde** reitera que ese compromiso político xa está feito, aínda que o voceiro socialista non o queira entender, quizais por ser novato en temas de xestión administrativa, volvendo a repetir os pasos dados dende este Concello para acadar a reversión dos terreos do antigo Centro de Saúde.

Dirixíndose ao voceiro socialista, di que si se considera tan intelixente debería facer unha moción e presentala ao Partido Socialista en Madrid para que loiten para que a reversión destes terreos se faga, e así poderán facerse útiles; porque este grupo de goberno xa fixo os trámites e só se está a espera de que o Ministerio conteste e, en caso de que a reversión sexa gratuíta, entón llo agradecerá publicamente, pero teme que non vai a ser así e, neste último caso, haberá que negociar o prezo desta operación e do custo de reforma da edificación e, en base a isto, valorar se é factible esa inversión ou ben destinar os cartos noutros proxectos, aí é onde radica unha boa xestión das arcas municipais.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, sendo a moción rexeitada polos votos a favor dos grupos do Partido Socialista, MOVETE e Mixto (BNG), e en contra do grupo do





Partido Popular.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Antes de pasar á parte de Xestión de Control, o **Sr. Alcalde** propón que sexa tratado fóra da orde do día a proposta de adxudicación de préstamo a longo prazo para o financiamento dos investimentos previstos no orzamento 2022, e que foi ditaminada na Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas celebrada hoxe antes do inicio desta sesión plenaria.

Para xustifica a urxencia de este asunto para a súa inclusión fóra da orde do día, toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen explica que a urxencia basease na necesidade de dispoñer do diñeiro procedente deste préstamo, contando co apoio previo dos grupos da oposición, tal e como manifestaron na Comisión Informativa.

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luís López Bueno**, para reiterar o dito na precedente Comisión Informativa sobre o apoio á urxencia na tramitación deste expediente, debido a que redunda no beneficio e interese dos veciños e veciñas da Estrada, sobre todo no aforro que supón ás arcas municipais a non celebración dunha sesión extraordinaria.

Procédese a votar a urxencia deste asunto, sendo aprobada polos votos a favor do grupo municipal do Partido Popular e as abstencións dos grupos do Partido Socialista, MOVETE e Mixto (UGT).

Aprobada por maioría a urxencia, inclúese o seguinte punto na orde día:

Expediente 1159/2022. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO PARA FINANCIAR OS INVESTIMENTOS PREVISTOS NO ORZAMENTO 2022.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12

En contra: 9

Abstencións: 0

Ausentes: 0

Para explicar esta proposta outórgaselle a palabra ao Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen traslada que estamos ante a proposta de adxudicación dun préstamo ao longo prazo por importe de catro millóns e medio de euros a favor de Abanca, S.A., por ser a entidade que acadou a maior puntuación no proceso de contratación e despois de gañar tras un desempate con outra entidade mediante un sorteo; préstamo dirixido a financiar as actuacións previstas para o ano 2022, ademais doutras futuras que van a necesitar dun apoio económico.

Indica que as condicións de préstamos son:

- Importe: 4.500.000,00 euros

- Prazo da operación: 12 anos (10 de amortización + 2 de carencia)

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 57Y9ZN4YKAPT4PGN4DCMWTNMG | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 25

- Período de liquidación (xuros e amortización): Trimestral
- Tipo de xuro: Variable:
 - C.T.M. -1,9 Puntos Básicos (0,019 %)
 - Referido a euribor 3 meses + 0,5 %
 - T.A.E: 0,0010% TAE?CTM
- Comisións e gastos: 0
- Tipo de interese mínimo: 0%

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luís López Bueno**, para manifestar que entende necesario que nos pregos de contratación de futuras operacións de crédito se inclúan os criterios de desempate previstos na Lei e que atenden a criterios de responsabilidade corporativa e de ética empresarial e que, seguramente, resultan máis xustos que un simple sorteo.

Centrándose no fondo do asunto, considera que o procedemento de execución é tecnicamente perfecto sen embargo non comparte a postura do grupo de goberno (Partido Popular), porque pretende endebedar a este Concello dobrando a débeda viva, pasando de catro millóns e medio de euros a oito e medio ou nove millóns de euros, máis os custos financeiros que suporán para os veciños e veciñas (próximos aos catrocentos mil euros). Tampouco non está de acordo coas cuestións que se pretenden financiar con cargo a esta débeda viva, tales como posibles proxectos europeos que aínda están se convocar.

Polo dito anteriormente, anuncia o voto en contra desta proposta do seu grupo político.

Intervén a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, quen di que non ten nada que dicir con respecto ao procedemento de contratación, non así co fondo do asunto, polo que non vai a apoiar este endebedamento de catro millóns e medio de euros do Concello sobre todo por carecer de información sobre o seu destino, xa que en ningún sitio aparecen detallados os proxectos aos que se destinarán estes cartos, ademais de que en ningún momento se falou cos grupos da oposición sobre os proxectos previstos, sendo axeitado que se reunira a toda a corporación para traballar sobre a que se pode destinar os cartos aos que se acceder a través dos fondos EDUSI.

Polo dito, traslada o voto en contra desta proposta.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para sumarse ao alegado polos outros grupos da oposición, xa que este Concello está sostido en créditos e un préstamo de catro millóns e medio de euros non se pode pasar por alto; ademais, o grupo de goberno di que ter unha serie de proxectos dos que tan só un ou dous son útiles para a veciñanza, mentres que os demais non os considera prioritarios. Polo tanto, estamos a aprobar unha liña de crédito moi cara sen que se saiba claramente que beneficio vai a traer para a Estrada, considerando que o que se está a facer é acadar réditos electorais para o partido que está no grupo de goberno, sendo esta a causa polo que votará en contra.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para manifestar a súa sorpresa ante o dito polos grupos da oposición, non entendendo nada as súas posturas, xa que no punto anterior propoñen a instalación dunha rede de calefacción urbana e a rehabilitación do edificio do antigo Centro de Saúde, proxectos que hai que executar nos próximos anos, e, se estiveran no grupo de goberno, seguramente os ían financiar con “padrenuestros”.

Di que entende que a oposición estudaría o presente expediente, pedindo que lle digan a que



proxectos renunciarían; aínda así quere detallar para que se destinarán os cartos do préstamo, a pesares de que xa consta este dato no expediente,:

- 340.000,00 € se van a destinar a cofinanciar e rematar a estratexia de desenvolvemento urbano sostible; Proxecto de sinalización e acondicionamento dos camiños a Santiago; Proxecto de creación do Centro de Apoio ao Sector Primario.
- 500.000,00 € para o desenvolvemento urbanístico da Avda de América, co fin de resolver o problema de vivenda que ten este pobo; cartos que non constarán como débeda, xa que se recuperarán.

Di que lle diga a oposición a cal proxecto consideran prescindible, así mesmo votan en contra deste préstamo que dará execución a estes proxectos e outros que virán cos novos fondos europeos e que, grazas á cantidade restante do préstamo, vanse a poder xestionar ata sete millóns de euros.

Pide que se poñan na circunstancia de que o actual grupo de goberno non ganara as vindeiras eleccións e entran a gobernar algún grupo da oposición, contarían co financiamento suficiente para acometer futuros proxectos e durante sete anos por valor de oito millóns de euros; espera que non estean en contra disto tamén, xa que para optar a unha subvención teñen que aportar o 20% do valor do proxecto, en caso contrario non poden optar a ela.

Continúa explicando que este préstamo tamén servirá para financiar a próxima EDUSI, xa que é preciso contar cun millón de euros para que Europa nos dea seis millóns de euros.

En definitiva, este préstamo servirá para acometer os proxectos mencionados e novos proxectos, pero a oposición votará en contra, pero xa lle darán conta cando vexan o que se fará con cargo a este crédito.

Fai referencia a que a oposición está en contra tamén de que o Concello poña 145.000 euros para cofinanciar o abastecemento de Tabeirós – Nigoi, algo que terán que explicar aos seus veciños e veciñas.

Sigue explicando os proxectos que se acometerán con este préstamo, así 462.000 € irán para cofinanciar as pistas de atletismo xunto coa Deputación (plan REACPON); un millón de euros para a construción dun módulo para pistas de atletismo, artes marciais, etc, cofinanciado coa Consellería de Deportes da Xunta de Galicia (que aporta outro millón de euro); por último, a inversión de oitocentos mil euros para asfaltados no rural.

Así que, polo que observa, os grupos da oposición, ao votar en contra da celebración deste préstamo, están tamén a votar en contra da execución de todos os proxectos nomeados.

Interrompe o **Sr. López Bueno** para recriminar que el non dixo nada diso e que lle parece un discurso demagogo por parte do Alcalde.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que, ante a dúbida sobre para onde ían os cartos do préstamo manifestada pola oposición, se limitou a detallar os proxectos aos que van destinados e para demostrar a que están votando en contra, porque se non hai préstamos non hai proxectos.

(INTERVEÑEN CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS SEN ACTIVAR O MICRÓFONO, POLO QUE NON SE APRECIA O AUDIO)

Continúa o **Sr. Alcalde** dicindo que o seu grupo de goberno ten moi claro cales son os seus obxectivos para mellorar os servizos do noso pobo, con acertos e desacertos, pero sempre escoitando á xente, e, resultado deses obxectivos, son estes proxectos. Ademais conta cun





programa electoral que está a cumprir por ser un acordo acadado coa cidadanía, e estes proxectos están dentro do mencionado programa.

(COMEZA UNHA DISCUSIÓN ENTRE O SR. ALCALDE E O VOCEIRO SOCIALISTA QUE NADA TEN QUE VER CO ASUNTO A TRATAR)

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose polos votos a favor do grupo do Partido Popular e en contra dos grupos do Partido Socialista, MOVETE e Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a Providencia de Alcaldía do 08/03/2022 polo que se inicia o expediente de concertación da indicada operación de crédito por importe de 4.500.000,00 euros e un prazo de 12 anos (10 de amortización + 2 de carencia).

Visto o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 18 de marzo de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación dun préstamo a longo prazo para o financiar os investimentos previstos no Orzamento 2022 xunto co Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, unha vez informado pola Intervención municipal con data 09/03/2022 en relación ao cumprimento das condicións esixidas para a concertación da operación e ao principio de prudencia financeira.

Considerando que, tal e como consta no expediente, publicado o anuncio na Plataforma de contratos do sector público o 22/03/2022, presentáronse á licitación as seguintes empresas:

LICITADOR [REDACTED]
Razón social: ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A
Fecha de presentación: 06/04/2022 12:37:58

LICITADOR [REDACTED]
Razón social: BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA S.A.
Fecha de presentación: 06/04/2022 15:37:45

LICITADOR [REDACTED]
Razón social: BANCO DE SABADELL S.A.
Fecha de presentación: 04/04/2022 10:54:54

Vista a acta da Comisión Técnica da sesión celebrada o 08/04/2022, na que procedeu a apertura do sobre electrónico A, e que as indicadas entidades aportan a documentación administrativa requirida no punto 2, da cláusula 15ª do prego de condicións:

A documentación contida nos arquivos é a que se indica a continuación:

LICITADOR [REDACTED]
Razón social: ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A
Documentación presentada: Declaración responsable Autorización de consultas Solvencia técnica Documento sobre o tratamento de datos

LICITADOR [REDACTED]
Razón social: BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA S.A.



Documentación presentada: Declaración responsable Autorización de consultas
Solvencia técnica Documento sobre o tratamento de datos

LICITADOR: [REDACTED]

Razón social: BANCO DE SABADELL S.A.

Documentación presentada: Declaración responsable Autorización de consultas
Solvencia técnica Documento sobre o tratamento de datos.

Unha vez analizada a documentación administrativa presentada, a Comisión Técnica
acorda admitir á licitación ás seguintes empresas:

LICITADOR: [REDACTED]

Razón social: ABANCA CORPORACION BANCARIA.

LICITADOR: [REDACTED]

Razón social: BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA S.A.

LICITADOR: [REDACTED]

Razón social: BANCO DE SABADELL S.A.

A continuación procédese á apertura e descarga do sobre B (ofertas económicas
presentadas polos licitadores):

LICITADOR: ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A.

- TIPO DE INTERESE: Tipo variable: Custo Total Máximo - 0.1 PUNTOS BÁSICOS. TAE (0,0010%) Adicionalmente, no caso do tipo de interese variable, expresarase a oferta referida a: Euribor 3 meses + 0.5 % Tipo de interese mínimo: 0% Comisións e gastos: 0. oferta válida por un mes, agás variacións significativas nos mercados financeiros.

LICITADOR: BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA S.A.

- TIPO DE INTERESE VARIABLE: Euribor 3 meses + 0,51 % Comisións e gastos: 0. TAE Considerando euríbor 3m contemplado no Prego: 0,02% (2 puntos básicos)
- Interese demora: 2%
- Condicións operativas conta: As actualmente vixentes

LICITADOR: BANCO DE SABADELL S.A.

- TIPO DE INTERESE: Tipo variable: Custo Total Máximo - 1 PUNTO BÁSICO. T.A.E. (0,01%) Correspondendo a oferta realizada a: Euribor 3 meses + 0,50% (No caso que a suma do diferencial mais o tipo de referencia ordinario sexa negativa, considerarase que o seu valor e igual a cero).
- Comisións e gastos: 0

Analizada pola Comisión Técnica a documentación presentada obsérvase:

1. Na oferta recibida do Banco Sabadell S.A., a non concordancia entre o resultado de calcular o tipo de interese referido a: - "Custo Total Máximo - 1 punto básico. TAE (0,01%)" que daría 0,01% (0,020 % - 0,01%) - "Euribor 3 meses+ 0,50%" que daría 0,001% (-0,499%+0,50%)
2. Na oferta recibida por Abanca Corporación Bancaria S. A. a non concordancia



entre o resultado de calcular o tipo de interese referido a: - "Custo Total Máximo - 0,1 PUNTOS BÁSICOS. T.A.E. (0,0010%) (0,020 % - 0,001%= 0,019%) - "Euribor 3 meses+ 0,5%" (-0,499% + 0,5%=0,001 %)

Tendo en conta o establecido na cláusula 19 do prego de condicións, a Comisión Técnica Acorda:

Primeiro.- Requerir á entidade financeira "BANCO SABADELL S.A." para que nun prazo máximo de 3 días aclare a diferenza detectada.

Segundo.- Requerir á entidade financeira "ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A" para que nun prazo máximo de 3 días aclare a diferenza detectada. Así mesmo acordase remitir ás ofertas presentadas polos licitadores á Tesoureira Municipal así como á Técnica da Comisión, Dna. M.^a Rita Rivas de la Iglesia para que unha vez recibidas as aclaracións requiridas emitan os Informes de valoración ao respecto."

Visto o informe técnico emitido con data do 18/04/2022 no que se analiza o cumprimento do principio de prudencia financeira e se valoran as propostas presentadas, co detalle que se indica de seguido:

"PRIMEIRO: CUMPRIMENTO DO PRINCIPIO DE PRUDENCIA FINANCEIRA.- Vistas as ofertas e unha vez recibidas as aclaracións solicitadas, a efectos de comprobar que cumpren co principio de prudencia financeira, realizáronse os seguintes cálculos:

Entidades

Tipo variable

ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A.

C. T. M. (0,020%) - 1,9 Puntos Básicos (0,019 %)= 0,001 %

T.A.E. 0,0010%. Referido a euribor 3 meses (-0,499 %)+0,5 % = 0,001 %

BANCO BILBAO VIZCAYA ARXENTARIA, S.A

TAE: considerando euribor 3m contemplado no Prego: 0,02% (2 puntos básicos).

Referido a euribor 3 meses (-0,499 %)+0,51 % = 0,011 %

BANCO SABADELL S.A.

C. T. M. (0,020%) - 1,9 Puntos Básicos (0,019 %)= 0,001 %

T.A.E. 0,0010% . Referido a euribor 3 meses (-0,499 %)+0,5 % = 0,001 %

En base ao anterior, procede realizar as seguintes observacións:

1.- A proposición presentada por ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. ("Custo Total máximo: - 1,9 puntos básicos") cumpre co establecido na cláusula 8.3 e 8.4 do prego de cláusulas e co principio de prudencia financeira, no relativo a ofertar unha rebaixa sobre o custe total máximo: CTM (0,020 %) - 0,019%= 0,001%. O cálculo anterior referido a euribor trimestral máis un diferencial quedaría en: Euribor trimestral (-0,499%)+ 0,50%= 0,001 % T.A.E. ? CTM polo que se cumpriría a cláusula 8.3 do dito prego e co principio de prudencia financeira.

2.- O BANCO BILBAO VIZCAYA ARXENTARIA, S.A. presenta oferta referida unicamente a euribor trimestral máis un diferencial que quedaría en: Euribor trimestral (-0,499%) + 0,51%= 0,011 %. Non presenta na oferta a referencia a "Custo Total máximo: -



___ puntos básicos”, se ben, non se solicita aclaración a este respecto debido a que a oferta referida a “Euribor trimestral + 0,51%” é superior ás outras dúas entidades. A “TAE: considerando euríbor 3m contemplado no Prego: 0,02% (2 puntos básicos)” NON cumpriría co establecido na cláusula 8.3 do dito prego e con prudencia financeira, resultando neste caso superior ao C.T.M., resultante do cálculo anterior.

3.- A oferta presentada por BANCO SABADELL S.A. (“Custo Total máximo: - 1,9 puntos básicos”) cumpre co establecido na cláusula 8.3 e 8.4 do prego de cláusulas e co principio de prudencia financeira, no relativo a ofertar unha rebaixa sobre o custe total máximo: CTM (0,020 %) - 0,019%= 0,001%. O cálculo anterior referido a euribor trimestral máis un diferencial quedaría en: Euribor trimestral (-0,499%)+ 0,50%= 0,001 % T.A.E. ? CTM polo que se cumpriría a cláusula 8.3 do dito prego e co principio de prudencia financeira.

SEGUNDO: VALORACIÓN DAS PROPOSTAS PRESENTADAS.-

Á vista de todo o anteriormente exposto e segundo se establece na cláusula 17ª do prego de condicións, as ofertas máis vantaxosas son as presentadas por ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. e BANCO SABADELL S.A., producíndose un empate entre ámbalas dúas entidades (100 puntos), que se resolverá conforme se estable no prego de condicións e demais lexislación aplicable.”

Con data do 21/04/2022 emítase novo informe técnico con valoración detallada de cada unha das ofertas, co seguinte resultado:

Entidades
Tipo variable
Valoración

ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A.

C. T. M. - 1,9 Puntos Básicos (0,019 %)

T.A.E. 0,0010%.

Referido a euribor 3 meses +0,5 %

100

BANCO BILBAO VIZCAYA ARXENTARIA, S.A

C. T. M. - 0,9 Puntos Básicos (0,009 %)

TAE: 0,02%

Referido a euribor 3 meses +0,51 %

47,37

BANCO SABADELL S.A.

C. T. M. - 1,9 Puntos Básicos (0,019 %)

T.A.E. 0,0010% .

Referido a euribor 3 meses + 0,5 %

100

Visto o informe da Tesoureira Municipal, no que non contempla outro criterio que o desempate por sorteo.

A Comisión Técnica, reunida o 21/04/2022, á vista de que se produce un empate entre ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A e BANCO DE SABADELL S.A. e segundo o establecido no cláusula 20 do prego de condicións que establece:

“No caso de empate, se resolverá mediante sorteo en acto público cuxa data se



anunciará na Sede Electrónica do Concello de A Estrada con 2 días hábiles de antelación”,

A Comisión Técnica acordou por unanimidade:

“Convocar aos licitadores ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A. e BANCO DE SABADELL S.A. o vindeiro martes, 26 de abril de 2022 ás 09:30 horas na Sala de Xuntas, data en que terá lugar a vindeira reunión da Comisión Técnica, para dirimir o empate e proceder á proposta de adjudicación”.

Visto que a Comisión Técnica, reunida o 26/04/2022, unha vez convocados os licitadores ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A e BANCO SABADELL S.A, procede a realizar o sorteo en presenza dos interesados, do que resulta elixido a entidade ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A.

Tendo en conta o anterior, a Mesa, por unanimidade, acorda:

Efectuar a seguinte avaliación e clasificación, outorgando as puntuacións que a continuación se indican ás empresas licitadoras admitidas no procedemento ordenándoas de xeito decrecente en función da puntuación obtida:

LICITADOR
TOTAL PUNTOS

1º ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A
100

2º BANCO DE SABADELL S.A.
100

3º BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA S.A.
47,37

Á vista de todo o actuado e de acordo co indicado no artigo 150.2 da L.C.S.P. a Mesa, por unanimidade, acorda propoñer ao órgano de contratación:

Primeiro.- Admitir definitivamente ao procedemento de contratación aos seguintes licitadores:

LICITADOR [REDACTED]

Razón social: ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A

LICITADOR [REDACTED]

Razón social: BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA S.A.

LICITADOR [REDACTED]

Razón social: BANCO DE SABADELL S.A.

Segundo.- Formular proposta de adjudicación do préstamo do expediente n.º 1159/2022, “Concertación préstamo a longo prazo para o financiamento dos investimentos previstos no orzamento municipal 2022”, a favor da entidade ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A. co C.I.F. [REDACTED] ao tratarse da empresa licitadora que aínda obtendo a mesma puntuación que outro licitador resultou elixida tras o sorteo público realizado en presenza dos interesados, e cuxa oferta é a seguinte:

TIPO VARIABLE





C. T. M. - 1,9 Puntos Básicos (0,019 %)

T.A.E. 0,0010% , referido a euribor 3 meses +0,5 %

Terceiro.- Requerir ao licitador ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A. para que no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación correspondente, de conformidade coa cláusula 21 do Prego de condicións e co artigo 150.2 da LCSP."

Vista a documentación presentada polo licitador ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A. (CIF [REDACTED]) a través da plataforma de Contratos do Sector Público o día 27/04/2022 e por sede electrónica o 28/04/2022, que se estima correcta pola Intervención municipal.

Vista a proposta de adjudicación asinada polo Concelleiro delegado de Facenda con data 02/05/2022.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, adoptado na sesión celebrada o 05/05/2022.

Vista a competencia do Pleno da Corporación, de conformidade co previsto no artigo 52.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, toda vez que o importe da operación supera o 10% do recursos ordinarios previstos en dito Orzamento municipal para 2022.

E, á vista do debatido nesta sesión, adóptanse, por maioría, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Declarar válida esta licitación aceptando a oferta presentada pola empresa ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A.

Segundo.- Adjudicar, con estrita suxeición ao Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e a súa oferta, a operación de crédito destinada ao financiamento dos investimentos previstos no orzamento municipal para 2022, a ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. (CIF [REDACTED]) nas seguintes condicións:

- Importe:4.500.000,00 euros
- Prazo da operación:12 anos (10 de amortización + 2 de carencia)
- Período de liquidación (xuros e amortización): Trimestral
- Tipo de xuro: Variable:
 - C.T.M. -1,9 Puntos Básicos (0,019 %)
 - Referido a euribor 3 meses + 0,5 %
 - T.A.E: 0,0010% TAE?CTM
- Comisións e gastos: 0
- Tipo de interese mínimo:0%

Terceiro.- Notificar este acordo de adjudicación aos licitadores, sinalándolles os recursos procedentes, debendo de publicarse no Perfil do contratante no prazo de 15 días de conformidade co establecido no artigo 151.1 da LCSP.

Cuarto.- O contrato formalizárase dentro dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se realice a notificación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artº 151 da LCSP, debendo de publicarse, o anuncio de formalización xunto co correspondente contrato, no Perfil do Contratante nun prazo non superior a 15 días tras o perfeccionamento do mesmo.





.

Pregunta o **Sr. Alcalde** se hai algunha outra moción de urxencia, non habendo continúase coa orde do día.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 29 DE ABRIL DE 2022 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 29 de abril de 2022 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2022-0431 ao número 2022-0583, (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

NESTE MOMENTO ABANDONA A SESIÓN O CONCELLEIRO D. JUAN M. CONSTENLA CARBÓN.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Toma a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, quen comenza preguntando sobre o avance nos traballos de rehabilitación da ponte de Pontevea, segundo proxecto da Xunta de Galicia.

Traslada a solicitude de posta a disposición da Asociación que xestiona a contorna da área fluvial de Couso duns baños químicos na área da Estrada, así como a mellora da recollida de lixo, tanto na frecuencia da recollida como a colocación de contedores, tamén o acondicionamento da finca pola parte posterior e da pista que por ela transcorre.

Pide tamén que se traslade a esa área fluvial unha oficina de turismo nos meses de verán, algo que ve factible ante o volume de xente que pasa na época de verán por esa zona, ademais de que tamén pasa por alí o Camiño dos Arrieiros, hai un couto de pesca e un camiño de sendeirismo circular.

Traslada a preocupación dos veciños de O Barco polo estado da canalización de auga que baixa pola pista dese lugar así como o estado no que se atopa dito vial, polo prega que se proceda a seu arranxo.

En relación ás obras de arranxo dos baños na Estación de Autobuses, di que estas levan semanas paradas, preguntando o por que desa paralización.

Prega que se axilice a colocación de elementos de seguridade para os peóns na rúa Xusto Martínez, sobre todo na contorna do bar Alameda e do Vasán, xa que as súas terrazas están a nivel da rúa, non existindo desnivel entre a calzada e a beirarrúa, o que supón un claro perigo.

Quere lembrar que ten solicitado o informe sobre eficiencia enerxética das



luminarias e, a día de hoxe, aínda non o recibiu; ao igual que tamén ten solicitado acceso a expedientes sin que tampouco tivera resposta.

En relación coa actuación de reposición do firme feita na vía que aparta dende a PO-213 a Barbude, lembra que quedou un tramo de 200 metros sen arranxar, polo que pide que se lle explique o por que ese tramo quedou sen asfaltar, así como instar a que se arranxe.

Pregunta se se adquiriron novos contedores de recollida selectiva, porque hai moitas parroquias que os teñen solicitados e aínda non se lles serviron.

Ao anterior contesta o **Sr. Alcalde**, así, en relación co proxecto de posta en valor da Ponte de Pontevea, di que xa está elaborado por Patrimonio e pendente da súa valoración para licitar, trasladándolle polo Conselleiro que se executará neste ano. En canto as solicitudes da Asociación de Veas, se dará traslado destas.

No que respecta aos baños da Estación de Autobuses, houbo que paralizar as obras por mor da existencia doutras emerxencias que requiriron a atención do persoal traballador, pero se retomarán tan pronto sexa posible.

En canto á pista de Barbude a Trasmonte, di que os responsables de valorar que tramos se asfaltan son os técnicos municipais; sen embargo, cando se fixo o arranxo desta pista ese tramo non estaba deteriorado e, polo tanto, non se actuou sobre el, pero avanza que está previsto unha actuación sobre este vial nun proxecto futuro, aclarando que o problema existente non deriva do pavimento, senón da propia base desa estrada que ten un problema de auga e compactado.

Sobre os contedores de recollida selectiva, di que se solicitou unha subvención para a súa adquisición, así como do contedor marrón, e se están repoñendo no entorno urbano, non sabendo agora como se está a tramitación na súa colocación nas distintas parroquias, pero supón que se está a valorar as demandas presentadas.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dña. Mar Blanco Casais**, quen comeza a súa intervención trasladando que fai xa catro meses que os veciños e veciñas de a Avda. da Torre presentaron un escrito para reclamar a limpeza de determinadas parcelas que están nesa rúa, polo que pregunta o motivo de por que aínda seguen sen limparse, porque estamos indo de cara ao verán e supoñen un grave risco de incendio.

Di que o problema anterior se estende a moitos puntos de casco urbano, por exemplo na parte alta da Avda de Vigo existe unha casa en estado de abandono e tanto ela como a súa contorna está cuberta de maleza, polo que considera que o Concello ten que tomar medidas ante esta situación.

Tamén quere expoñer o problema que existe nos xardíns municipais pola falta de seguridade na zona de xogo dos nenos pequenos, xa que non existe ningunha barreira arquitectónica que separe esta zona da rúa, co conseguinte perigo que supón, algo que preocupa moitos aos pais e nais; ante o anterior prega que se busque unha solución.

Prega que se busque unha solución ante a perigo e o nivel de accidentes e atropelos existente na N-640 ao seu paso por Ponte Liñares, considerando que unha solución sería a construción da variante. Tamén lle gustaría saber se se fixo algunha xestión con respecto á variante polo Deputado Sr. Constenla, xa que o había prometido.

Pásalle a palabra ao concelleiro do seu grupo, D. Iván Sanmartín.

Toma a palabra o concelleiro de MOVETE, **D. Iván M. Sanmartín Eirín**, para informar que varios veciños de Sabucedo levan chamando á Alcaldía para comunicar da existencia dun problema no alumado público (na parte máis alta da aldea), en concreto a existencia de seis ou sete puntos de luz que non funcionan e, a non recibir resposta, puxéronse en contacto con el para trasladar este problema e a súa petición de que isto sexa arranxado.



Responde o **Sr. Alcalde** que mañá a primeira hora se preocupará por ese problema e de descubrir o por que non se arranxou.

Continúa o **Sr. Sanmartín** para preguntar cando se resolverán o expedientes de solicitudes de bonificación do IBI para explotacións agrarias e que están pendentes aínda.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que, unha vez estean informados polos técnicos municipais, se traerán ao Pleno, pero o apurará o máximo posible, pero quere pedir comprensión ante a situación saturada que vive o departamento municipal responsable nestes momentos.

En relación ás preguntas realizadas pola voceira Mar Blanco, quere aclararlle que o Sr. Constenla é Deputado autonómico, polo que quizais debería de falar cos seus compañeiros de bancada para investigar que pasa coa variante, porque é o goberno executivo o que non está a facer nada para resolver este problema que xurdiu no ano 2018 ante o descubrimento dun castro e tiña que facerse un túnel, pero dende que tomou o Sr. Sánchez o poder non se tivo máis noticias desa infraestrutura a pesares das insistencias dende este grupo de goberno mediante envío de requirimentos e chamadas á Subdelegación do Goberno, variante que está paralizada e non sabendo o por que.

Con respecto á seguridade dos Xardíns municipais, informa que se acometeu unha mellora da seguridade viaria mediante varias actuacións e que reducen notoriamente o risco de accidentes, o que non quere dicir que haxa algún, pero a día de hoxe non está prevista ningunha actuación de peche do perímetro dos xardíns, aínda así se buscará algunha solución para resolver esa preocupación, sobre todo na contorna dos xogos infantís.

Sobre a solicitude dos veciños e veciñas da Avda da Torre, quere aclarar que os que están incumprindo as normas de limpeza son as persoas propietarias dos terreos e non o Concello, estando ante unha situación de civismo, sendo o Concello o recurso final para buscar unha solución a un conflito veciñal. Neste tipo de casos existe un procedemento legal a seguir:

1º.- Buscar as persoas propietarias das fincas denunciadas, e, neste caso en concreto, está sendo difícil identificar aos propietarios, segundo lle traslada o departamento municipal de Urbanismo.

2º.- Unha vez identificadas as persoas propietarias hai que mandarles un requirimento para que, en aplicación á normativa reguladora, procedan á limpeza da súa finca, outorgándolle un prazo para a súa execución.

3º.- En caso de que non se execute o ordenado, procederase a impoñer multas coercitivas.

4º.- Finalmente, solicitar autorización xudicial para entrar nesta propiedade privada co fin de executar subsidiariamente os traballos de limpeza e, posteriormente, cobrarlle o custo á persoa propietaria da finca.

Aclara, que todo isto ten uns prazos legais impostos que hai que cumprir, ademais, que o custo que isto supón non é admisible polo Concello a día de hoxe, por carecer dos medios e recursos necesarios para elo. Tamén é verdade que a Lei nos obriga esa responsabilidade e, na medida do posible e cos medios que temos, cumprimos e tramitamos os tres puntos sinalados anteriormente, co problema que a veces nos atopamos ante a imposibilidade de identificar aos titulares dalgunhas fincas e de ter o correspondente certificado ou, nalgúns casos, a persoa non reciba o notificación do requirimento, neste caso temos que publicar o anuncio de emprazamento correspondente no BOE co correspondente prazo de 20 días.

Polo anterior, pódese entender que estamos ante un procedemento burocrático lento e complicado, polo que se está dende o Concello intentando sensibilizar á nosa veciñanza para que limpe as súas fincas, pero non todas as persoas responden.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para



insistir nun rogo xa emitido en sesións pasadas, está a falar do arranxo da vía que atravesa Souto de Veá e, ante a inexistencia de actuacións sobre ela, a veciñanza xa tan só pide que se eliminen os buracos que nela existen así como que se proceda ao pintado de pasos de peóns.

Traslada a solicitude para que se proceda á limpeza dos contedores de lixo sitos no supermercado DIA así como da sucidade que se acumula ao seus redores por mor do lixo que cae ao só, supoñen un problema grave de salubridade.

Traslada a necesidade de cortar un piñeiro sito na pista de Os Cebados - Aguíóns (indo para a praia fluvial, á altura da última casa) que está moi inclinado sobre o vial e case tocando o cables de electricidade; pide que se localiza ao propietaria para que proceda á súa poda.

Pide que a pista de acceso á Academia Galega de Seguridade, concretamente a que irá ás pistas de atletismo que se construírán dentro de pouco, sexa ampliada, polo que solicita que se inste á Xunta de Galicia para que efectúe esta acción ante o tráfico que ten.

Traslada unha pregunta que lle fixeron sobre si sería posible abrir a praia fluvial de Liñares a segunda quincena de xuño pola tarde e non en xullo como se ten previsto.

Reitera a pregunta sobre onde se atopa a pérgola da antiga alameda municipal así como de su estado actual.

Á anterior intervención o **Sr. Alcalde** contesta, en relación á pérgola da antiga alameda, está depositada na parte posterior das instalacións da Fundación de Exposicións e Congresos e, ata de agora, non se ten decidido unha futura colocación, igual que pasa co peche perimetral da antiga alameda.

En canto á apertura da praia fluvial, é difícil abri-la ante da data fixada porque o socorrista está contratado do 1 de xullo ao 30 de agosto, entón non se pode abrir antes sen contar coa seguridade necesaria. O que se si se ten programado e abrir o recinto para a celebración de eventos, pero o entorno da praia non mentres non exista persoal de seguridade e socorrismo.

Sobre o piñeiro no vial e Aguíóns, se lle dará traslado ás brigadas municipais para que resolvan o problema.

En relación ca salubridade dos contedores do supermercado DIA, se pasará esta cuestión á Policía Local para que faga o informe correspondente.

No relativo ao vial de Souto de Veá, di que o problema se atopa principalmente no paso elevado antes da farmacia; así mesmo, para facer unha actuación completa ten que estar esta estrada nun proxecto e, a este respecto, se lle trasladou este problema aos técnicos municipais para que a inclúan nun próximo proxecto e así solucionar o problema existente durante este ano.

Non habendo máis intervencións polos membros da corporación, o **Sr. Alcalde** pregunta, en cumprimento do disposto no Regulamento de Participación Cidadá, se algunha das persoas asistentes como público quere presentar algunha pregunta ou rogo.

Pide a palabra **D. José Manuel Novoa Valiñas** (DNI [REDACTED]), quen di que no mes de febreiro presentou por rexistro de entrada deste Concello un escrito sobre o tema da Avda da Torre xa que existen fincas con malezas que invaden outras propiedades, ademais de ensucialas; de feito, el mesmo tivo que pagar mil e pico euros para limpar os seus canalóns, xa que se tupen coas follas e outras herbas procedentes desas outras fincas. Polo que pregunta canto tempo ten que esperar para que isto se solucione.

O **Sr. Alcalde** lle di que xa explicou antes o problema existente, cando lle deu contestación á voceira de MOVETE cando formulou esta problemática da Avda da Torre.



O **Sr. Novoa Valiñas** lle interrompe para dicir que entendeu moi ben a anterior explicación, pero no caso que está a plantexar todos son sabedores de quen é o propietario desa finca, e se os herdeiros non teñen repartida a herdade no é o seu problema, deberían limpala igualmente. Quere unha solución xa, porque os veciños e veciñas levan xa esperando moito tempo, e, non caso de que o Concello non poida facer nace por falta de competencia, lle gustaría que os informaran a onde teñen que acudir.

O **Sr Alcalde** lle explica que hai dúas actuacións neste caso, unha e o desbroce e limpeza da parcela e outra e a poda carballo que provoca a caída de follas e que lle están a taponar os canalóns, neste último caso estamos ante unha especie protexida e non se pode talar, outra cousa é que se pode e se fagan labores de mantemento para que non invadan outras propiedades, polo tanto non se pode obrigar a ninguén que corte un carballo; en canto á limpeza, os veciños teñen que dirixirse ao Concello, e este inicia o procedemento para obrigar ás persoas propietarias para que procedan á limpeza do terreo, e, como dixo antes, este procedemento é complicado, lento e moi burocrático, non existindo a día de hoxe outra solución, porque o Concello non pode afrontar eses traballos de limpeza sen máis porque non se pode entrar nunha propiedade privada sin autorización xudicial, e para ter esta autorización hai que seguir, un por un, todos os pasos do procedemento administrativo cos prazos legais establecidos e con xustificantes de que as persoas propietarias desas fincas foron notificadas e, neste caso, temos o problema que o catastro e o rexistro da propiedade nos trasladan que ese terreo non ten identificado ao propietario, senón que está en investigación, e, por moito que sospeitemos quen é o propietario, non podemos seguir o procedemento sen que a identificación sexa legal e expresa; polo tanto o único que se pode facer, que xa se fixo, é publicar no BOE e deixar transcorrer o prazo establecido legalmente e, unha vez transcorrido, acreditar ante o xuíz que se intentou por todos os medios notificar aos propietarios e que non se puido, ante o que este dará ou non autorización para que o Concello execute esas labores de limpeza e poda. Informa novamente, que este procedemento está iniciado e, tan pronto se nos autorice, procederemos a executar os traballos.

Sabe que non é a resposta que queren oír, pero non lle pode dar outra, nin tampouco poder facer nada máis, porque a burocracia é o que é.

O **Sr. Novoa Valiñas** pregunta novamente canto tempo teñen que esperar.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que non pode dar unha fecha concreta porque non está nas súas mans a solución por todo o explicado anteriormente e porque non é só competencia municipal; o única que lle pode garantir é que o procedemento está iniciado e ten preferencia.

O **Sr. Novoa Valiñas** di que espera que nun mes isto estea solucionado, senón teranse que tomar outras medidas.

Pide intervir a **Sra. María José Álvarez Marín** (DNI: [REDACTED]) para pedir que os postes de alumado da Avda da Torre se cambien por outras máis modernas.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que agora se está co cambio das luminarias por luces led en todo o alumado público, quizais máis adiante hai algunha posibilidade de facer ese cambio, así que se estudará esta petición.

Continúa a **Sra. Álvarez Marín** pregunta se existe a posibilidade de darlle un toque aos camións que aparcan en fronte das casas na dita rúa e que impiden a visibilidade, para que aparquen noutro lado.

Responde o **Sr. Alcalde** que se está estudando a posibilidade de habilitar unha





zona de aparcamento detrás de Estación de Autobuses, porque os condutores destes vehículos piden que sexa unha zona segura.

Por último, a **Sra. Álvarez Marín** para pedir que se no anaco de herba que sobra na zona de aparcamento do novo Centro de Saúde se faga un xardín.

O **Sr. Alcalde** responde que toma nota desta petición.

Pide a palabra a **Sra. Balbina Martínez Ramallal** (DNI [REDACTED]) para dicir que espera que a tramitación das parcelas con necesidade de limpeza na Avda da Torre sexa rápida que non se esqueza.

Recrimina ao Sr. Alcalde que nunha anterior sesión este lle dixo ao Sr. Camba que se lle acabara o minuto de gloria non lugar de expresarse doutra maneira, é dicir, que se lle acabara o turno.

Contesta o **Sr. Alcalde**, que con respecto á Avda da Torres xa dixo anteriormente que se axilizará o procedemento dentro da medida do posible.

En canto ao segundo, lle aclara que estamos no apartado de Rogos e Preguntas, non podendo entrar en debates deste tipo, porque non procede.

Finalmente, agradece as intervencións do Sr. Novoa Valiñas e da Sra. Álvarez Marín por expresar problemas aos que se intentará buscar unha solución, pero non pode permitir que haxa intervencións que en lugar de presentar un rogo ou unha pregunta, tan só intenten crear polémica e caer no insulto.

Non habendo, máis intervencións, levántase a sesión sendo as once horas e dezaseis minutos do día do seu comezo.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

